



| Guía Docente          |   |                    |                  |          |
|-----------------------|---|--------------------|------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                  | 2022/23  |
| Asignatura (*)        | Función tutorial e orientación académica  | Código             | 652603002        |          |
| Titulación            | 3 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Educación Física   |                    |                  |          |
| Descritores           |   |                    |                  |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo             | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 1º cuatrimestre   | Primeiro           | Obrigatoria      | 2        |
| Idioma                | Castelán  |                    |                  |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                  |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                  |          |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación  |                    |                  |          |
| Coordinación          | Rodicio Garcia, Maria Luisa   | Correo electrónico | m.rodicio@udc.es |          |
| Profesorado           | Rodicio Garcia, Maria Luisa   | Correo electrónico | m.rodicio@udc.es |          |
| Web                   | <a href="https://guiadocente.udc.es/docencia/professor/">https://guiadocente.udc.es/docencia/professor/</a>   |                    |                  |          |
| Descrición xeral      | Esta materia aborda a orixe e os principios da orientación e da tutoría, así como as funcións e as actividades titoriais a desempeñar, xunto cas situacións específicas da tutoría. Así mesmo, ofrece mecanismos e estratexias para a planificación da acción tutorial. |                    |                  |          |

| Competencias do título |   |
|------------------------|---|
| Código                 | Competencias do título  |
| A5                     | (CE-G5)Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas   |
| A7                     | (CE-G7)Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional   |
| A9                     | (CE-G9)Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia   |
| A10                    | (CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| A12                    | (CE-G12)Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.  |
| A26                    | (CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.  |
| A30                    | (CE-E16) Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia (OE).   |
| A34                    | (CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.   |
| A37                    | (CE-P6) Exercitarse na avaliación psicopedagóxica, o asesoramento a outros profesionais da educación, aos estudantes e ás familias (OE)   |
| C1                     | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.  |
| C3                     | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.   |
| C4                     | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.  |
| C7                     | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.  |

| Resultados da aprendizaxe   |  |                        |     |
|---|--|------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe   |  | Competencias do título |     |
| Distinguir e aplicar os diferentes recursos e estratexias para a acción tutorial. |  | AP5                    | CM1 |
|   |  | AP7                    | CM3 |
|   |  | AP9                    | CM4 |
|   |  | AP12                   | CM7 |
|   |  | AP26                   |     |
|   |  | AP30                   |     |
|   |  | AP34                   |     |



|  |                            |  |                          |
|--|----------------------------|--|--------------------------|
| Transferir o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse, aplicando os principios éticos á práctica profesional e persoal                                      | AP26<br>AP34               |  | CM1<br>CM3<br>CM4<br>CM7 |
| Participar no deseño, implantación, seguemento e avaliación do plan de acción titorial (PAT) do centro, poñendo en práctica as competencias sociais para traballar en equipo e salvaguardar os obstáculos que vaian xurdindo | AP7<br>AP9<br>AP34         |  | CM1<br>CM3<br>CM4<br>CM7 |
| Enumerar as funcións do titor en relación ao alumnado, familias e resto do profesorado e analizar o que isto conleva.  | AP5<br>AP10<br>AP37        |  | CM1<br>CM4<br>CM7        |
| Definir a orientación e a titoría e as súas relacións, así como describir e identificar o modelo institucional galego de orientación.  | AP5<br>AP9<br>AP10<br>AP37 |  | CM1<br>CM3<br>CM7        |

| Contidos                                     |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| Titoría e orientación                        | Aproximación conceptual e relacións   |
| O modelo institucional galego de orientación | Aspectos organizativos e funcionais dos servizos de orientación   |
| Funcións e actividades titoriais             | * Cos estudantes<br>* Coas familias<br>* Cos compañeiros  |
| Planificación da acción titorial             | O Plan de Acción Titorial (PAT)   |
| A titoría en situacións específicas          | * No módulo de formación en centros de traballo.<br>* Nos programas de cualificación profesional inicial.<br>* Nos programas de diversificación curricular. |

| Planificación                 |                                 |                   |   |              |
|-------------------------------|---------------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias                    | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A5 A30 A37                      | 1                 | 8   | 9            |
| Portafolios do alumno         | A5 A7 A9 A10 A26 C1<br>C3 C4 C7 | 5                 | 3   | 8            |
| Simulación                    | A7 A12 A34 A37 C1<br>C3 C4 C7   | 3                 | 11  | 14           |
| Sesión maxistral              | A5 A7 A9 A10 A30<br>A34 C4      | 3                 | 0   | 3            |
| Proba obxectiva               | A7 A10 A30 C7                   | 2                 | 0   | 2            |
| Aprendizaxe colaborativa      | A7 C1 C3 C4                     | 5                 | 8   | 13           |
| Atención personalizada        |                                 | 1                 | 0   | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |            |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |



|                               |   |
|-------------------------------|---|
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico.                           |
| Portafolios do alumno         | É un cartafol ou archivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno.<br>O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.                  |
| Simulación                    | Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe.<br><br>Exponse ao alumnado ante condicións hipotéticas nas que se pon a proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase polo tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.   |
| Sesión maxistral              | Exposición oral complementada con el uso de medios audiovisuales y la introducción de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.<br>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.  |
| Proba obxectiva               | Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.<br><br>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas. |
| Aprendizaxe colaborativa      | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo.   |

## Atención personalizada

| Metodoloxías                        | Descrición  |
|-------------------------------------|---|
| Simulación<br>Portafolios do alumno | Se precisará un seguimento persoal do traballo desenrolado no marco do portafolios xa que será unha peza clave na avaliación final.<br><br>Así mesmo, se traballará de xeito directo cos pequenos grupos que se formen para desenvolver os traballos propostos. Como mecanismos de atención personalizada ao alumnado, se empregará preferentemente o Campus Virtual e a plataforma de teleformación. |

## Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|--------------|--------------|------------|---------------|
|--------------|--------------|------------|---------------|



|                       |                                 |  |    |
|-----------------------|---------------------------------|--|----|
| Simulación            | A7 A12 A34 A37 C1<br>C3 C4 C7   | Consistirá na presentación do traballo suxerido mediante un xogo de rol.   | 20 |
| Proba obxectiva       | A7 A10 A30 C7                   | Será unha proba tipo test a realizar só polo alumnado que asiste ás aulas de xeito regular e que, polo tanto, presenta o portafolios de competencias adquiridas ao longo das diferentes sesións. Será unha proba de resposta múltiple onde só unha opción será a verdadeira. | 30 |
| Portafolios do alumno | A5 A7 A9 A10 A26 C1<br>C3 C4 C7 | No que se recollerá a actividade realizada, a súa avaliación; así coma as reflexións xeradas no grupo. Ademáis cada estudante deberá facer unha avaliación individual da materia e o traballo realizado nela.  | 50 |

Observacións avaliación



## ALUMNADO ASISTENTE

Para que os estudantes podan ser avaliados segundo a planificación anterior, deben ter unha asistencia ás sesións interactivas, do 80%.

Portafolios do alumno/a (grupal):

Constará de tres partes:

- 1) Na que se recollerá a actividade realizada no grupo interactivo (en base ao suposto que se facilite e as fases de desenrolo de este), así como unha reflexión grupal das competencias adquiridas atendendo tamén ao seu desenvolvemento ao escenificalo na aula.
- 2) A avaliación que fan do seu propio traballo (unha nota numérica que deberán argumentar) e do exposto polos demais compañeiros/as na aula (unha nota numérica que deberán argumentar).
- 3) A avaliación da asignatura incidindo sobre todo nos aspectos de mellora.

**IMPORTANTE:** Será necesario obter alomenos o 50% da puntuación otorgada a cada parte avaliabile para superar a asignatura

Na simulación deberán participar todos/as os/as integrantes do grupo para poder ser avaliados/as.

## ALUMNADO CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL (DISPENSA ACADÉMICA)

O alumnado que teña recoñecida a dispensa de asistencia pola Comisión Académica do título poderá acollerse á modalidade de avaliación continua ou optar por asistir ao exame final realizando unha proba similar á do alumnado non asistente.



## ALUMNADO NON ASISTENTE

Neste caso a avaliación consistirá nunha proba de carácter mixto:

- Un exame tipo test que terá un peso na avaliación final do 40%

- Unha parte de preguntas de resposta breve que terá un peso do 60%. É preciso ter superado o 50% en cada unha das partes para poder sumar as puntuacións obtidas e aprobar a asignatura.

A segunda oportunidade estará sometida aos mesmos criterios de avaliación que a primeira oportunidade.

Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".



## Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Anaya Nieto, D. y Suárez Riveiro, J.M. (2010). Evaluación de la satisfacción del profesorado. REOP, 21 (2), 283-294</li> <li>- Blanchard Giménez, M. (1997). Plan de acción tutorial en la E.S.O.. Narcea</li> <li>- Comellas, M.J (2002). Las competencias del profesorado para la acción tutorial. Praxis</li> <li>- González-Benito, A. y Vélaz-de-Medrano, C. (Ed.) (2006). La acción tutorial en el sistema escolar. UNED</li> <li>- Grañeras, M. e Parras, A. (2008). Orientación Educativa: fundamentos teóricos, modelos institucionales y nuevas perspectivas.. CIDE</li> <li>- Martín,E. y Mauri, T. (Coords.) (2011). Orientación Educativa. Atención a la diversidad y educación I. . Graó</li> <li>- Martín, E. y Onrubia, J.(coords.) (2011). Orientación educativa: procesos de innovación y mejora de la enseñanza. Graó</li> <li>- Martín, E. y Solé, I. (Coords) (2011). (2011). Orientación Educativa. Modelos y estrategias de intervención.. Graó</li> <li>- Monge Crespo, C. (2009). Tutoría y orientación educativa. Wolters Kluwer</li> <li>- Repetto Talavera, E. (2001). Tu futuro Profesional.(Una planificación de la Tutoría para cada etapa educativa de 10-18 años.). Ed CEPE. Libro del Profesor y Libro dek alumno.</li> <li>- Rodicio García, M.L. (2009). La función tutorial y la formación profesional en las instituciones laborales.. Biblioteca Nueva</li> <li>- Rodicio García, M.L. (2012). Diseño y evaluación de programas de orientación educativa.. Biblioteca Nueva</li> <li>- Sobrado, L., Fernández, E. y Rodicio, M.L. (2012). Orientación Educativa. Nuevas perspectivas.. Biblioteca Nueva</li> <li>- Uruñuela, P.M. (2016). Trabajar la convivencia en los centros educativos. Una mirada al bosque de la convivencia. Narcea</li> </ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Santana, L. E. y Feliciano, L. A. (2006). La construcción de la acción tutorial desde las coordenadas de la investigación colaborativa. Revista de Educación, 340, 943-971.</li> <li>Santana, L. E. y Feliciano, L. A. (2006). La construcción de la acción tutorial desde las coordenadas de la investigación colaborativa. Revista de Educación, 340, 943-971.</li> </ul>   |

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

O envío de traballos se realizará mediante plataformas virtuais.Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.Atenderase á diversidade para facer as adaptacións oportunas a esta guía tanto si son suxeridas pola ADI como se son consideradas necesarias por parte das profesoras.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías